



O Barco de Valdeorras

Expediente ce-2016-01

Bases polas que se regula o réxime de concesión de subvencións destinadas ás entidades culturais do municipio do Barco de Valdeorras para o exercicio 2016.

Exposición de motivos.

O Concello do Barco de Valdeorras entende a acción cultural como un marco de colaboración mutua entre a institución local e as asociacións, como dinamizadores da vida social e cultural do municipio. Neste sentido o Concello adopta unha liña de axudas á promoción cultural mediante a convocatoria pública regulada polas presentes bases:

Primeira.- As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión para o exercicio de 2016, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións ás entidades culturais do concello do Barco no desenvolvemento das súas actividades de promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento e á promoción da cultura galega.

Esta convocatoria rexeráse, ademais de polo previsto nas presentes Bases, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante), polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (RXS en diante), pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (LSG en diante), e polo disposto nas Bases de execución do orzamento de 2016 desta Corporación.

As subvencións que se regulan nas presentes Bases non poderán superar o 50% do orzamento e destinaranse exclusivamente para atender os gastos relacionados polas asociacións nos orzamentos presentados para obter a subvención.

Faranse con cargo á aplicación orzamentaria 2016-330/489.00.

En ningún caso o Concello do Barco de Valdeorras terá responsabilidade nas actividades que se fagan polas entidades culturais, que serán de exclusiva conta destas.

O importe máximo do gasto será de 8.999 euros.

Tramitaranse conforme aos artigos 17 e 18 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e base 35. 5º, das de execución do orzamento.

Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes actividades:

- a) As que sexan ou poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.
- b) As que atenten contra os valores universais como a paz, a solidariedade, a igualdade de xénero, o respecto ao medio ambiente, a interculturalidade, etc.
- c) A comida e a bebida nas celebracións e festas populares.
- d) As que teñan ánimo de lucro.

Segunda.- Poderán solicitar estas subvencións e terán dereito a elas as entidades culturais legalmente constituídas e que figuran inscritas no rexistro oficial de entidades culturais da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha antigüidade non inferior a un ano anterior á data da solicitude da presente subvención.

Non poderán optar ás subvencións establecidas nas presentes bases as entidades culturais que estean suxeitas a un convenio nominal de colaboración co Concello do Barco do Valdeorras.

Terceira.- As entidades culturais solicitantes da subvención, deberán ter constituído o seu domicilio social no concello do Barco de Valdeorras, ao igual que as instalacións (propias ou non) onde realicen habitualmente a súa práctica cultural.

Cuarta.- As entidades culturais interesadas, deberán presentar as súas solicitudes nas oficinas de Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras, mediante instancia (segundo modelo

adxunto dispoñible na páxina web do Concello (www.concello-dobarco.org / acceso sede electrónica / impresos e formularios / solicitudes), dirixida ao señor alcalde - presidente do Concello, debidamente cumprimentada e asinada polo presidente ou presidenta da entidade cultural.

Quinta.- Ás solicitudes, de conformidade coa Base 35-4º das de execución do orzamento para o exercicio 2016, deberáselles achegar a seguinte documentación:

- 1.- Memoria do exercicio 2016 (anexo II).
- 2.- Orzamento de ingresos e gastos estimado para o ano 2016.
- 3.- Certificado do secretario ou secretaria da entidade cultural no que se reflicten as subvencións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida (anexo III).
- 4.- Fotocopia compulsada da acta da asemblea celebrada no ano en curso, ordinaria ou extraordinaria, reflectida no correspondente libro de actas, na que conste a aprobación do orzamento.
- 5.- Escrito do secretario ou secretaria da entidade cultural, nos casos que proceda, aceptando o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas contraídas pola asociación con este Concello (anexo III).
- 6.- Declaración responsable de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas e de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, requisito previo de participación no procedemento, que non exime da posterior presentación, xunto coa documentación xustificativa, dos correspondentes certificados de atoparse ao corrente expedidos pola Seguridade Social, a Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia (anexo III).
- 7.- Fotocopia do CIF da entidade cultural e do DNI do representante/solicitante.
- 8.- Certificado do secretario ou secretaria da entidade indicando o número de anos nos que a asociación mantén actividade continuada.
- 9.- Instancia do petionario cos datos identificadores do mesmo, conforme o modelo de solicitude que se achega ás presentes bases (anexo I).
- 10.- Proba documental da inscrición no rexistro de entidades culturais.

Sexta.- A presentación de solicitudes farase mediante o rexistro da documentación no rexistro xeral deste Concello, durante o prazo establecido para tal fin que será de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, publicándose asemade no taboleiro de anuncios do Concello, na web oficial do Concello do Barco (www.concello-dobarco.org / acceso sede electrónica / taboleiro de edictos) e nun diario de difusión municipal ou comarcal.

A presentación poderá facerse, asemade, por calquera dos procedementos establecidos no artigo no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima.- Cando a solicitude non reúna os requisitos necesarios ou se constate a ausencia dalgún documento complementario dos que se esixan, requirirase á persoa solicitante, para que o corrixa no prazo máximo de 10 días hábiles, advertíndolle do arquivo da mesma e do feito de que se lle terá por desistido da amentada solicitude, se transcorre o período que se sinala, sen corrixilo.

Oitava.- A todas as solicitudes recibidas aplicaráselle o baremo establecido e público que se incorpora, como anexo "Criterios de Valoración", ás presentes bases.



Novena.- Unha vez valoradas, segundo os criterios de valoración, todas as solicitudes que cumpran os requisitos, sumarase o total de puntos obtidos por todas as entidades culturais que participen no proceso.

O total da cantidade asignada coma subvención ás entidades culturais dividirase pola suma do número total de puntos obtidos, segundo o proceso reflectido no parágrafo anterior. Unha vez obtido o valor do punto, multiplicarase os puntos obtidos por cada entidade, polo mencionado importe do valor do punto. Con este procedemento determinase a cantidade exacta que lle corresponde a cada entidade cultural coma subvención, e que é directamente proporcional a súa baremación.

Décima.- Unha vez finalizado o proceso de valoración, comunicaráselle ás entidades culturais o importe da subvención correspondente.

Undécima.- Para poder efectuar o pagamento das axudas asignadas a cada entidade, estas deberán ter xustificada previamente a última subvención recibida polo Concello do Barco de Valdeorras. No caso de que non xustificase a totalidade da subvención, ou que parte dos xustificantes se consideren improcedentes, poderá facerse a seguinte retención sobre a cantidade da subvención correspondente a esta convocatoria. A retención non procederá no suposto de ausencia da xustificación.

Retención = (última subvención percibida) - (total xustificado - xustificantes improcedentes).

Duodécima.- A realización da programación de actividades, para a que foi concedida a subvención, é de exclusiva responsabilidade da entidade cultural que presenta a solicitude.

Décimo terceira.- O Concello do Barco de Valdeorras poderá comprobar, polos medios que considere oportunos, se o destino das cantidades outorgadas obxecto da subvención é o establecido na base primeira da presente convocatoria.

Décimo cuarta.- As entidades culturais que opten á subvención regulada polas presentes bases, non poderán presentarse a ningunha outra convocada por este Concello na presente anualidade.

Décimo quinta.- As entidades subvencionadas quedan obrigadas a:

- Destinar a subvención para a exclusiva finalidade para a que se concedeu.

- Manter a actividade subvencionada como mínimo durante o ano natural no que se concedan as subvencións, agás nos casos de entidades de nova creación.

- Enviar os informes que poida solicitar o Concello.

- Xustificar a subvención no prazo fixado nas presentes bases.

- Realizar a propaganda das súas actividades en lingua galega e facer constar nela a colaboración do Concello.

Se fose detectado que algún dos datos é incerto, perderíase o dereito á subvención.



Anexo

Criterios de valoración:

1/ Polo contido do programa de actividades	Ata 55 puntos
Polo número de actividades	De 0 a 15 pts.
Por organización de festivais, xornadas ou semanas culturais e por produción propia de exposicións e obras artísticas realizadas por creadores e creadoras residentes no Concello do Barco de Valdeorras.	De 0 a 10 pts.
Pola orixinalidade e carácter anovador do programa	De 0 a 5 puntos
Polo mantemento de escolas e obradoiros culturais	De 0 a 10 pts.
Por edicións relacionadas coa cultura local e comarcal	De 0 a 10 pts.
Por participar en festivais e actos de intercambio cultural que teñan lugar fóra do noso Concello.	De 0 a 5 puntos
2/ Por continuidade e estabilidade no funcionamento	Ata 5 puntos
a) Menos de 5 anos de actividade continuada	2 puntos
b) Máis de 5 anos de actividade continuada	5 puntos
3/ Pola participación e a repercusión social	Ata 35 puntos
a) Polo impacto, repercusión e influencia das actividades na vida social e cultural e no interese veciñal polas actividades que propoñen as entidades solicitantes.	De 0 a 15 pts.
b) Pola complexidade do programa e esforzo organizativo despregado, tanto desde o punto de vista humano como económico, así como a capacidade para captar outros recursos.	De 0 a 15 pts.
c) Pola participación nas actividades organizadas polo Concello do Barco e pola colaboración na organización das mesmas.	De 0 a 5 puntos
4/ Pola presenza da lingua galega	Ata 5 puntos
a) Polo uso e difusión da lingua galega na vida asociativa, nas actividades incluídas no programa e na súa promoción pública.	De 0 a 5 puntos



Décimo sexta.- Nas subvencións que se concedan poderá anticiparse o pagamento de ata o 80% do total do concedido. O acordo de anticipo deberá adoptarse polo mesmo órgano que outorgue a subvención e previa a comprobación do cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Que non teña subvención concedida nos exercicios anteriores pendente de xustificar.

2.- Que estea ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello no momento no que se proceda ao pagamento do anticipo.

3.- Presentará fianza persoal e solidaria de dous veciños do termo municipal que estean ao corrente das súas obrigas fiscais co concello (anexo V).

Décimo sétima.- As subvencións serán outorgadas pola Xunta de Goberno Local a proposta do Concelleiro de Cultura, previo ditame favorable da Comisión de Cultura. A proposta deberá ser motivada e terá en conta as actividades a facer pola entidade cultural.

Décimo oitava.- Procederá o reintegro das cantidades entregadas en concepto de subvención e a esixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obrigación de xustificación
- b) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- c) Incumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.

Xustificación

Décimo novena.- A xustificación da subvención deberá facerse conforme establece a Base 35.6º das Bases de execución do orzamento da corporación para 2016, nun prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a notificación da concesión da subvención, debendo de presentar como mínimo:

A/ De achega polo beneficiario

- Declaración das actividades feitas e das que a subvención contribúa no seu financiamento
- Facturas regulamentarias (ver anexos VI e VII).
- Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a mesma se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida .
- Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria baseándose nos libros de contabilidade ou que se segue criterio de caixa, e que a subvención concedida é inferior ao custe total do obxecto subvencionado, así como das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a

mesma finalidade, referida neste caso á data de xustificación (anexo IV).

- Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, expedido polas administracións competentes para a súa expedición. A autorización para obter da Axencia Tributaria do Estado o certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias estatais, ten por obxecto a obtención desta información directamente polo Concello, aínda que estea condicionado ao correcto funcionamento da correspondente plataforma telemática, en aplicación do convenio asinado ao efecto co devandito organismo.

- Relación segundo o modelo que se entregará, asinada polo responsable da entidade dos gastos realizados con cargo á subvención.

- Declaración xurada asinada polo responsable da entidade beneficiaria, de que o importe da subvención concedida é inferior ao custo total do obxecto subvencionado así como das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.

- Memoria de actividades.

- No caso de existiren, folletos e carteis promocionais das actividades realizadas, aos efectos de constatar o cumprimento do compromiso do uso da lingua galega e da obriga de deixar constancia da colaboración do Concello do Barco de Valdeorras, especialmente naquelas actividades en que a asociación utilice medios municipais para o desenvolvemento das mesmas.

Nota.- Os xustificantes que se computarán como gastos serán os que estean comprendidos entre o 1 de outubro 2015 e o 30 de setembro de 2016.

B/ De achega polo Concello:

- Conformidade do Concelleiro de Cultura coa memoria de actividades presentada coa xustificación do gasto.

- Certificación de Intervención municipal de non existir outras subvencións pendentes de xustificar.

Vixésima.- O importe da subvención non poderá superar o 50% dos gastos totais xustificadas. En caso contrario procederá o reintegro da parte correspondente.

Vixésimo primeira.- A interpretación das presentes Bases corresponde ao Alcalde ou á Xunta de Goberno Local (por delegación).

O Barco de Valdeorras, 23 de setembro de 2016. O técnico de cultura.

Asdo.: Gustavo Docampo Paradelo.



Anexo I

Solicitud de subvencions a asociacións culturais 2015/2016 polo concello do Barco de Valdeorras

Datos da entidade solicitante:

NOME DA ASOCIACIÓN:	CIF:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:
E-MAIL:	TELÉFONO:
INSCRITO NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS CO NÚMERO:	

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS:	DNI/NIE:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:
TELÉF. FIXO:	TELÉF. MÓBIL:

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN *Marcar cun (x)

- Enderezo da entidade.
 Enderezo do/a representante da entidade.

EXPÓN

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de concurso público para a concesión de subvencions a asociacións culturais do municipio para o ano 2015/2016.

Que asumo todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria á que acompaña a documentación esixida nesta.



En relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións a asociacións culturais ano 2014/2015, fago constar:

- 1) Que os seguintes documentos xa obran en poder deste Concello, ao ter sido presentados en procedementos anteriores: (sinale cun x os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación)
 - Copia cotexada do CIF do Club deportivo ou asociación.
 - Copia cotexada do DNI do/a representante da asociación.
 - Certificado da entidade bancaria na que se faga constar o número de conta e o titular da mesma.
 - Certificado de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Asociacións culturais da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da asociación ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, no que se demostre unha antigüidade de polo menos un ano anterior á data da solicitude da presente convocatoria de subvencións.
- 2) Que o contido de ditos documentos conserva a súa plena validez, ao non seren modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflecten.
- 3) Que, polo exposto, se acolle ao dereito recoñecido no artigo 53.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a non presentar os ditos documentos nesta convocatoria.

Solicita

- A inclusión da Entidade que representa, dentro do programa de subvencións que o Concello de O Barco de Valdeorras concede as asociacións culturais do concello que desenvolveron actividades na tempada 2015/2016

Presenta adxunta, a seguinte documentación requirida nas bases:

- Memoria do exercicio 2016 (anexo II).
- Orzamento de ingresos e gastos estimado para o exercicio 2016.
- Certificado do secretario ou secretaria da entidade cultural no que se reflecten as subvencións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida (anexo III).
- Fotocopia da acta da asemblea celebrada no ano en curso, ordinaria ou extraordinaria, reflectida no correspondente libro de actas, na que conste a aprobación do orzamento.
- Escrito do secretario ou secretaria da entidade cultural, nos casos que proceda,



aceptando o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas de prezos públicos contraídos con este Concello.

- Declaración responsable de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Certificado do secretario ou secretaria da entidade indicando os anos nos que a asociación mantén unha actividade continuada.
- Proba documental da inscrición no Rexistro de entidades culturais.
- Escrito do secretario ou secretaria da entidade cultural, nos casos que proceda, aceptando o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas de prezos públicos contraídos con este Concello (anexo V).
- A contabilidade desta entidade está baseada nos libros de contabilidade, conforme o criterio de contabilización seguido é o “criterio de caixa”, e conforme a subvención concedida é inferior ao custe total do obxecto subvencionado, así como das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso á data de xustificación.

O Barco de Valdeorras, _____ de _____ de 2016

Asdo.: _____

(O/a representante da entidade)

Señor alcalde do Concello do Barco de Valdeorras.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, Praza do Concello, 2.



ANEXO II

MODELO DE PROXECTO OU ACTIVIDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DA
CONCELLARÍA DE CULTURA

DENOMINACIÓN DO PROXECTO/ACTIVIDADE

OBXECTIVOS

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

POBOACIÓN Á QUE VAI DIRIXIDA

IDADES DOS PARTICIPANTES

NÚMERO DE PARTICIPANTES PREVISTO

DATAS DE REALIZACIÓN: INICIO – REMATE

LUGAR DE REALIZACIÓN

LOCAL

DISTRITO



LOCALIDADE

MATERIAIS NECESARIOS

RESPONSABLE DO PROXECTO

CARGO QUE OCUPA NA ENTIDADE O RESPONSABLE DO PROXECTO

TELÉFONO DE CONTACTO

E-MAIL

ENDEREZO

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, Praza do Concello, 2.



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:	
NOME DA ASOCIACIÓN:	CIF:
DATOS DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	
NOME E APELIDOS:	DNI/NIE:

DECLARO: *Riscar cun (x)

Apartado 1:

<input type="checkbox"/>	Non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da LXS que supoñan incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións e axudas públicas.
<input type="checkbox"/>	Non solicitou, nin obtivo ningunha outra subvención nin da Administración Local, nin doutras Administracións ou entidades para a actividade ou proxecto presentado para esta convocatoria de subvencións.
<input type="checkbox"/>	Esta entidade que represento non está a cobrar aos seus integrantes polo desenvolvemento das actividades culturais.
<input type="checkbox"/>	Esta entidade que represento non está a cobrar aos participantes nas actividades culturais por nos organizadas; e no suposto de o facer, comprométome a informar dos ingresos obtidos por cada actividade.
<input type="checkbox"/>	Acepto o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas de prezos públicos contraídos con este Concello.

Apartado 2:

<input type="checkbox"/>	Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.		
<input type="checkbox"/>	Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:		
Organismo ou entidade ao que solicitou	Data de solicitude	Concesión*	Contía

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Apartado 3:



- non existen obrigas de cotización por parte da asociación á que represento, das que podan derivar débedas coa Seguridade Social.
- non existen obrigas económicas por parte da asociación á que represento, das que podan derivar débedas coa Facenda Estatal ou Autonómica (a existencia de débedas coa Facenda Local serán comprobada de oficio polo Concello).
- que a asociación non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

E para que conste a todos os efectos oportunos, asino esta declaración

O Barco de Valdeorras, _____ de _____ de 2016

Asdo.: _____

(O/a representante da entidade)



ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:	
NOME DO CLUB/ASOCIACIÓN:	CIF:
DATOS DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	
NOME E APELIDOS:	DNI/NIE:

DECLARO que a asociación cultural que represento (*marcar cun x os aspectos que procedan):

- A contabilidade desta entidade está baseada nos libros de contabilidade, conforme o criterio de contabilización seguido é o “criterio de caixa”.
- A subvención concedida é inferior ao custe total do obxecto subvencionado, así como das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso á data de xustificación.
- A asociación que represento non obtivo ningún ingreso pola realización da actividade subvencionada (entradas, vendas,...).
- A asociación que represento obtivo ingresos pola realización da(s) actividade(s) subvencionada(s), coa seguinte desagregación:

- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____
- Actividade _____ Ingresos _____

O Barco de Valdeorras, _____ de _____ de 2016

Asdo.: _____

(O/a representante da entidade)



ANEXO V

FIANZA PERSOAL E SOLIDARIA (PARA OS SUPOSTOS DE SOLICITUDE DE ANTICIPO)

Datos da débeda garantida

CONCELLO

REPRESENTANTE DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN

DNI/CIF NÚM.

CONCEPTO: Anticipo do 80% subvención. EXCERCICIO/S

IMPORTE EUROS

DATOS DOS FIADORES

NOME/RAZÓN/ SOCIAL

DNI /CIF número

DOMICILIO FISCAL

NOME/RAZÓN SOCIAL

DNI/CIF número

DOMICILIO FISCAL

Os citados fiadores afianzan, persoal e solidariamente, ante o Concello do Barco de Valdeorras, o pagamento da débeda enriba indicada, ao obxecto de garantir, no caso de que non se xustifique ou se xustifique incorrectamente a subvención concedida, sempre que o beneficiario non reintegre por calquera causa, a cantidade adiantada.

O Barco de Valdeorras, de de 2016.

Asdo.:

Asdo.:

NIF

NIF

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, Praza do Concello, 2.

ANEXO VI

TEXTO DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 35ª

BASE 35ª.- SUBVENCIONES.

1º.- Definición.

Enténdese por subvención toda disposición dineraria realizada pola Corporación a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, a realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, e o beneficiario debe cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.
- c) Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Exclúense deste réxime ás subvencións electorais e a grupos políticos municipais por dispoñeren da súa propia normativa reguladora.

2º.- Principios xerais.

As subvencións outorgáranse con carácter xeral baixo os principios de publicidade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade, e con pleno sometemento ao previsto na Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS), á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e aos regulamentos de desenvolvemento destas.

Conforme ao art. 8 da LXS e 5 da LSG, axuntaráse ao orzamento xeral un anexo que conteña o plan estratéxico de subvencións para o 2014 co detalle dos obxectivos que se pretenden con el, o seu custo e as súas fontes de financiamento, supeditado, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O réxime de reintegros, de infraccións e sancións e o de control financeiro da xustificación e aplicación dos fondos (control que exercerá a Intervención municipal) serán os establecidos nos títulos II, IV e III da Lei 38/2003, así como os títulos II, III e IV da Lei 9/2007.

As subvencións que outorgue este concello non superarán o 50% do custo previsto para a actividade cuxa subvención se solicita, agás que se estableza unha porcentaxe diferente nas bases ou nos seus respectivos convenios reguladores.

Aos efectos da condición de beneficiario, estarase ao disposto nos artigos 8 e 10 da LSG, en especial non atoparse nas circunstancias previstas no artigo 10.2 da LSG, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe das mesmas polas bases reguladoras destas.



Nas subvencións que conceda o concello poderase anticipar o pagamento de até o 80% do total do concedido. O acordo de anticipo, deberá de adoptarse polo mesmo órgano que outorgue a subvención e logo da xustificación, ou a comprobación de oficio, de:

1. Que no ten ningunha subvención concedida en exercicios anteriores pendente de xustificar.
2. Que está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Pública, có Concello e coa Seguridade Social no momento en que teña que facerse o pagamento.
3. Que se presenta unha fianza persoal e solidaria, subscrita, polo menos, por dous veciños do termo municipal que estean ao corrente das obrigas sinaladas no punto anterior.

3º.- Procedemento en subvencións nominativas.

As subvencións nominativas deberán estar así previstas no orzamento.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións e deberán asinarse polo alcalde ou polo concelleiro da área e mais polo representante legal da entidade ou da asociación beneficiaria.

O contido mínimo do convenio será o seguinte:

- Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular dela e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- Réxime xurídico aplicable.
- Obrigas, comportamentos ou actividades que debe asumir a entidade beneficiaria.
- Indicación do procedemento de concesión da subvención que está a utilizar (neste caso, concesión directa).
- Descrición da actividade subvencionada. De subvencionar o funcionamento ordinario, describiranse os fins e as actividades ordinarias que realiza a persoa ou a entidade beneficiaria.
- Prazo de duración do convenio.
- Requisitos que debe cumprir a entidade beneficiaria para que se lle aboe a subvención.
- Prazo e forma de presentación da documentación xustificativa da subvención concedida.
- Advertencia de reintegro, caso de incumprimento das obrigas do beneficiario.
- Advertencia sobre a obriga de sometemento ás actuacións de comprobación e de control que realice o órgano municipal competente ou a Intervención municipal, nos termos regulados nas presentes Bases e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

4º.- Procedemento en subvencións de convocatoria pública.

Iniciarase de oficio, mediante a convocatoria efectuada polo órgano competente. Nesta convocatoria designarase o funcionario ou o departamento encargado de instruír e tramitar o procedemento. Caso



de non se designar expresamente, enténdese que a instrución lles corresponde aos empregados públicos do departamento máis afín por razón dos fins para satisfacer coa subvención (culturais, sociais, deportivos, educativos, etcétera ...).

O instrutor do procedemento deberá comprobar que os solicitantes presentan correctamente todos os documentos esixidos e que cumpren as condicións impostas para poder adquirir a condición de beneficiario. Sobre estes extremos, emitirá un informe en que conste tamén unha proposta de resolución aplicando os criterios de repartición das subvencións.

O expediente e a proposta de resolución someteranse ao coñecemento da comisión informativa correspondente, a cal emitirá o ditame que considere procedente axustándose, no posible, á proposta de resolución e ao regulado nas Bases.

Con posterioridade, someterase o expediente a informe de fiscalización.

Á vista destes informes, da proposta de resolución e do ditame da comisión informativa, a Xunta de Goberno Local ou órgano competente acordará a repartición definitiva das subvencións.

O outorgamento de subvencións terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local ou o órgano competente poderá revogalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso poderán ser invocadas como precedente.

Toda solicitude de subvención para gastos ordinarios, irá acompañada da documentación seguinte (documentos orixinais ou fotocopia compulsada):

1. Solicitude do petionario cos seus datos identificadores.
2. DNI do solicitante se é persoa física ou do CIF, se é persoa xurídica.
3. Memoria acreditativa dos fins para os que se solicita a subvención.
4. Relación de gastos en que prevé incurrir o petionario para realizar a actividade cuxa subvención se solicita.
5. Declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
6. Declaración do conxunto de subvencións solicitadas e /ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.- Bases reguladoras.

O outorgamento de subvencións, agás as que figuran de xeito nominativo no orzamento, esixirá, a salvo do previsto no punto seguinte, un expediente administrativo en que conste:

1. Bases formadas e informadas polo servizo correspondente, que serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local ou órgano competente e ás que se lles dará a debida publicidade, conforme co artigo 18.2 da Lei 38/2003: expóñanse ao público no taboleiro de anuncios do concello, logo da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da resolución que ordene a súa exposición. Non obstante, se os importes das subvencións para conceder non superan en ningún caso, individualmente consideradas, os 3000 euros, a publicación no



Boletín Oficial da Provincia poderase substituír por unha publicación nun dos diarios privados de maior difusión no ámbito municipal ou comarcal.

2. As citadas bases aprobaranse pola Xunta de Goberno Local ou órgano competente, logo do informe dos servizos xurídicos e da Intervención municipal (artigo 17.1 da Lei 38/2003).
3. O contido mínimo das Bases será o seguinte:
 - Finalidade e obxecto da subvención.
 - Procedemento de concesión da subvención.
 - Aplicación orzamentaria.
 - Requisitos dos posibles beneficiarios.
 - Forma e prazo de presentación das solicitudes.
 - Documentación e información que deben achegarse á petición (entre outros, certificados acreditativos de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias coa Facenda Pública, Municipal e coa Seguridade social, ademais de declaración xurada de non atoparse incurso en circunstancia ou prohibición das prevista na lexislación vixente para ser beneficiario de subvencións).
 - Medios de notificación ou publicación.
 - Posibilidade de reformulación de solicitudes de ser o caso.
 - Criterios obxectivos de concesión das subvencións e ponderación destes que permitan determinar a contía de cada subvención.
 - Prazo e forma de xustificación tanto do cumprimento dos fins subvencionados como do emprego dos fondos.
 - Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e o réxime de garantías para estes.

6º.- Xustificación.

As subvencións para gastos de funcionamento xustificaranse segundo se estableza nas bases da convocatoria e en todo caso, antes da concesión ao mesmo perceptor doutra subvención pola mesma causa. En ningún caso se poderán incluír gastos de investimento entendéndose por tales:

- Adquisición de bens cuxo importe unitario exceda de 300,51 euros.
- Adquisición de bens ou a contratación de servizos de empresas ou outros terceiros destinados á realización de obras ou instalacións.

En canto ao prazo de xustificación, será o establecido nas Bases ou no convenio, a falta do mesmo o prazo máximo será de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade. A xustificación fóra de prazo implicará a redución ou a perda proporcional da subvención concedida nun 2% por cada día de retraso. Se a documentación xustificativa presentada fóra de prazo non se presenta completa e correcta (conforme co establecido nas Bases da convocatoria ou no convenio suscrito, nas presentes Bases, na Lei 38/2003 (LXS) e na Lei 7/2010 (LSG)), efectuarase un requirimento outorgando o prazo de 10 días para emendar os defectos observados, e computaranse

como días de retraso para os efectos de dedución os que transcorran dende que se efectúe o requirimento até a efectiva presentación ou corrección da documentación omitida ou incorrectamente presentada.

O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deberán incluír, baixo responsabilidade do declarante, e sen en prexuízo de que as Bases reguladoras da subvención ou o convenio asinado esixan requisitos adicionais de xustificación, a seguinte documentación mínima:

- Declaración das actividades realizadas e a cuxo financiamento contribúa a subvención.
- Facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R. decreto 1619/2012) ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil, tales como nóminas, tc1 ou facturas simplificadas nos casos legalmente admitidos. Excepcionalmente, e logo da explicación escrita por parte do beneficiario de por que non lle é posible presentar a factura regulamentaria ou os documentos equivalentes, poderán admitirse outros xustificantes acreditativos dos gastos realizados como xustificantes bancarios de ingreso en que conste de xeito fidedigno o pagador, o perceptor e mais o importe.
- Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificación de estar ao corrente coa Facenda municipal. Esta certificación, de non solicitala previamente o interesado, será expedida de oficio pola Tesouraría.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en circunstancia ou prohibición para ser beneficiario de subvencións.
- Declaración de axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas, e compromiso de reintegro ao Concello, no seu caso, no importe que exceda do importe da actividade subvencionada no caso de percibirse con posterioridade axudas ou subvencións para os mesmos fins.

As facturas e os xustificantes de gasto serán selados por Intervención no momento da súa presentación para permitir o control de concorrencia de subvencións, e evitar a mesma.

Caso de subvencións a entidades para o seu funcionamento ordinario ou para actividades concretas, non se admitirán os xustificantes de gasto que en referencia a gastos de hostalaría (comidas e bebidas) superen, illada ou conxuntamente, o 20% do importe da subvención concedida, excepto que se estableza unha porcentaxe diferente nas bases ou nos respectivos convenios reguladores das mesmas.

As subvencións de capital, xustificaranse cando menos mediante a factura ou un documento orixinal ou a copia compulsada, que acredite o investimento efectuado. Acompañarán á citada xustificación



os documentos que determine a Intervención coa conformidade do alcalde. Exceptúanse desta obriga as subvencións de capital realizadas en favor doutras administracións públicas.

Salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

ANEXO VII

Contido obrigatorio das facturas

- a) Número e, se é o caso, serie. A numeración das facturas dentro de cada serie será correlativa.
- b) A data da súa expedición.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro Estado membro da Unión Europea, co que haxa realizado a operación o obrigado a expedir a factura.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do Imposto, tal e como esta se define polos artigos 78 e 79 da Lei do Imposto, correspondente a aquelas e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen Imposto das devanditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no devandito prezo unitario.
- g) O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións.
- h) A cota tributaria que, no seu caso, se repercute, que deberá consignarse por separado.
- i) A data na que se haxan efectuado as operacións que se documentan ou na que, no seu caso, se haxa recibido o pago anticipado, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.
- j) No suposto de que a operación que se documenta nunha factura estea exenta do Imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 2006/112/CE, de 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, ou aos preceptos correspondentes da Lei do Imposto ou indicación de que a operación está exenta.

O disposto nesta letra aplicarase asemade cando se documenten varias operacións nunha única factura e as circunstancias que se sinalaron se refiran unicamente a parte delas.



ANEXO VIII

MODELO DE AUTORIZACIÓN

D./D.^a _____
con DNI _____ en calidade de _____
da entidade _____
con CIF _____,

Autorizo ao Concello do Barco de Valdeorras (Ourense), a solicitar á Axencia Tributaria o certificado sobre o cumprimento de obrigas tributarias por parte da asociación á que represento.

E para que así conste a tódolos efectos oportunos.

Sinatura do responsable.

Asdo.:

_____, _____ de _____ de _____.

Selo da entidade.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, Praza do Concello, 2.

Expediente ce-2016-01

Bases por las que se regula el régimen de concesión de subvenciones destinadas a las entidades culturales del municipio de O Barco de Valdeorras para el ejercicio 2016.

Exposición de motivos.

El Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras entiende la acción cultural como un marco de colaboración mutua entre la institución local y las asociaciones, como dinamizadores de la vida social y cultural del municipio. En este sentido el Ayuntamiento adopta una línea de ayudas a la promoción cultural mediante la convocatoria pública regulada por las presentes bases:

Primera.- Las presentes bases tienen por objeto regular la concesión para el ejercicio de 2016, en régimen de concurrencia competitiva, de las subvenciones a las entidades culturales del ayuntamiento del Barco en el desarrollo de sus actividades de promoción y cooperación cultural y a la difusión y animación sociocultural que contribuyan a la difusión y a la promoción de la cultura gallega.

Esta convocatoria se regirá, además de por lo previsto en las presentes Bases, por lo dispuesto en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones (LGS en adelante), por el Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento General de Subvenciones (RGS en adelante), por la Ley 9/2007 de Subvenciones de Galicia (LSG en adelante), y por lo dispuesto en las Bases de ejecución del presupuesto de 2016 de esta Corporación.

Las subvenciones que se regulan en las presentes Bases no podrán superar el 50% del presupuesto y se destinarán exclusivamente para atender los gastos relacionados por las asociaciones en los presupuestos presentados para obtener la subvención.

Se harán con cargo a la aplicación presupuestaria 2016-330/489.00.

En ningún caso el Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras tendrá responsabilidad en las actividades que se hagan por las entidades culturales, que serán de exclusiva cuenta de estas.

El importe máximo del gasto será de 8.999 euros.

Se tramitarán conforme a los artículos 17 y 18 de la Ley 38/2003 General de Subvenciones y Base 35. 5º, de las de ejecución del presupuesto.

Quedan excluidas de esta convocatoria as siguientes actividades:

- a) Las que sean o puedan ser objeto de otra convocatoria municipal.
- b) Las que atenten contra los valores universales como la paz, la solidaridad, la igualdad de género, el respeto al medio ambiente, la interculturalidad, etc.
- c) La comida y la bebida en las celebraciones y fiestas populares.
- d) Las que tengan ánimo de lucro.

Segunda.- Podrán solicitar estas subvenciones y tendrán derecho a ellas las entidades culturales legalmente constituidas y que figuran inscritas en el registro oficial de entidades culturales de la Comunidad Autónoma de Galicia, con una antigüedad no inferior a un año anterior a la fecha de la solicitud de la presente subvención.

No podrán optar a las subvenciones establecidas en las presentes bases las entidades culturales que estén sujetas a un convenio nominal de colaboración con el Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras.

Tercera.- Las entidades culturales solicitantes de la subvención, deberán haber constituido su domicilio social en el ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, al igual que las instalacio-

nes (propias o no) donde realicen habitualmente su práctica cultural.

